



VI Xornada sobre Xestión Cinexética e Medio Ambiente

Máis de 200 persoas chegadas de moi diversos puntos de Galicia e incluso do veciño Portugal se deron cita o pasado sábado día 6 de xuño no Auditorio da Antiga Azucareira do Concello de Portas, para participar na xornada organizada pola Federación Galega de Caza e a Sociedade de Caza de Portas.

De extraordinario éxito foi calificada polos asistentes a mencionada xornada, que nesta

ocasión contou, trala súa inauguración polo Alcalde de Portas, coa participación en primeiro lugar de Pablo Pereira Sieso que ilustrou a tódolos asistentes cunha disertación moi versátil sobre a infinidade de aspectos fundamentais a ter moi en conta á hora de afrontar a recuperación das poboacións de calqueira especie. Home directo e provocador, no que a locución verbal se refire, que dixo moitas verdades en moi pouco tempo e conseguiu non deixar indiferente a ninguén.



A continuación produciuse a intervención de José Luis Garrido, director de FEDENCA, que fixo un breve percorrido polas actuacións levadas a cabo por FEDENCA nos últimos anos e que son consideradas de moito interese pola sociedade en xeral, non só polo colectivo cazador, polo seu contido ambiental. Especial expectación levantaron as súas palabras acerca da situación na que se atopa o proceso de obtención da "vacina recombinante".

Antes de pechar a súa intervención deu a coñecer o grupo de traballo sobre o coello de monte que nace oficialmente o sábado, dentro da estrutura de FEDENCA, que coordinará Manuel Martínez, que unirá esta responsabilidade ás de Presidente da Sociedade de Caza de Portas e Secretario Xeral da Federación Galega de Caza. Os cazadores agardan o froito do traballo ben feito ao que nos ten acostumados o coordinador do grupo.

Tras o descanso de media mañá fixo uso do seu turno Jesús Domínguez, que empregou o seu tempo en facer un percorrido pola situación actual das poboacións da perdiz roxa en Galicia así como para abrir algunha fiestra á esperanza de cara á súa posible recuperación.



A intervención de Carlos Díez, unha das ponencias máis agardadas, dada a súa experiencia, coñecementos e proximidade ao mundo do cazador versou sobre todos aqueles aspectos relacionados coa recuperación das poboacións de coello dende a súa cría ata o seu aproveitamento cinexético e puxo sobre a mesa todas as cartas necesarias para que esta partida pola recuperación do coello remate satisfactoriamente.



Despois das explicacións recibidas tocaba o turno de clarexar as dúbidas que poidesen surxir, que tiña lugar durante a celebración dunha mesa de debate que como o seu título indicaba "Recuperación das poboacións de coello e perdiz rubia en Galicia: Realidade ou Ficción", moderada por Javier Nogueira, que se prolongaba bastante no tempo dada a grande cantidade de inxerencias amosadas por parte dos asistentes.

Xa para rematar procedíase á clausura da Xornada coa intervención do Presidente da FGC e de Ricardo García-Borregón, Director Xeral de Conservación da Natureza, quen ratificou o seu compromiso con todo o relacionado co Mundo Rural e abriu unha vez máis a porta da esperanza para os cazadores.

Cos agradecementos pola asistencia a tódolos alí presentes, así como a todos os que fixeron posible a realización deste evento, deuse por rematada esta Xornada, co compromiso de comezar de novo o traballo que leve a Portas 2010.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com